



informa

CIG-SAÚDE esixe do SERGAS a maior transparencia na xestión do proceso do Coronavirus.

- Demanda **información e formación para todo o persoal do SERGAS**, e a dotación necesaria dos EPIs (equipos de protección individual).
- Tamén esixe do SERGAS o correcto comportamento coas/os profesionais da Sanidade Pública.

O persoal do SERGAS está actuando, tal e como se caracterizou sempre, coa maior profesionalidade, cumprindo as indicacións das/os expertos para manterse en situación de activo e poder dar a asistencia que se requira.

Como o resto de persoas, xa hai traballadoras/es en illamento preventivo, polo tanto en situación de incapacidade laboral.

CIG-SAÚDE esiximos que esta **incapacidade laboral** teña a consideración de **continxencia profesional** a todos os efectos, dende o inicio do período de observación.

Esiximos que naquelas/es traballadoras/es que resulten infectadas/os, a situación de incapacidade teña a consideración de enfermidade profesional.

Así o comunicou a Directora de RRHH na reunión do Comité Central de Seguridade e Saúde do día de hoxe.

CIG-SAÚDE esiximos do SERGAS que todo o persoal afectado, **perciba íntegras as súas retribucións**. Estamos a falar das retribucións correspondentes á atención continuada: noites, domingos, festivos e gardas, que só se perciben se hai unha prestación efectiva das mesmas.

O persoal contratado que estea en illamento, e que cese no contrato, deberá ter a **consideración de situación en activo**, a todos os seus efectos: cómputo de servizos prestados.

Estes dúas cuestións serán abordadas na próxima Mesa Sectorial de Sanidade.

Agardamos que o SERGAS e a Consellaría de Sanidade, recoñezan o esforzo das/os profesionais, faciliten o seu traballo e non penalicen as situacións de incapacidade laboral.